



Plan educativo para o traballo en remoto

Información para Alumnado e Familias sobre os recursos dixitais que se utilizarán no centro para traballo en remoto.

Curso 2020-21

I.E.S Frei Martín Sarmiento

Introdución ó plan de traballo remoto.

Ante a situación vivida por motivo da COVID-19, neste Centro somos conscientes de que dunha maneira ou outra, as condicións educativas e académicas durante este Curso 2020/21 poden mudar de maneira inesperada. Podemos atoparnos ante situacións que non imos poder controlar (clases semipresenciais, confinamentos selectivos, ...). Para tratar de minimizar os efectos que isto poida xerar no proceso de aprendizaxe do noso alumnado elaborouse un plan integral que poida facer fronte a esas situacións non desexadas.

Este plan trata de establecer a forma de traballo en remoto, e que se poría en funcionamento de maneira instantánea ante unha situación especial das antes comentadas. Dikir que o plan non é un documento nin unha simple idea, senón un método de traballo xa preparado, operativo e funcional, e que estará en espera hasta que sexa necesario o seu uso. O proxecto trata de atender a dous ámbitos moi importantes:

1. O establecemento dunha metodoloxía común a todo o profesorado e materias, de tal maneira que o alumnado se adapte a unha maneira de traballar (cando o teña que facer en remoto), que lle sexa clara e intuitiva.
2. Concreción dos recursos dixitais que imos utilizar. Con isto trataremos de que eses recursos sexan os mesmos en todas as materias e normalicen o traballo do alumnado.

Establecido o punto de partida e obxectivos, imos ver cales son os recursos e a estrutura que imos utilizar neste plan de traballo especial. Despois de moitas valoracións sobre cal debería ser a maneira, o equipo de traballo TIC chegou á conclusión de que o mellor modelo de traballo debería estar baseado en 2 recursos: A Aula Virtual e a plataforma GSuite. Vexamos agora unha pequena presentación de cada un dos dous.

Aula Virtual Frei Martín Sarmiento

Este recurso está facilitado pola Consellería e funciona baixo a plataforma Moodle. Todo o alumnado vai dispoñer dunha conta persoal que se lle facilitará a principio de curso. Nesta Aula o alumnado vai ter un curso por cada unha das materias que ten. Nese curso o profesor/a irá colocando toda a información e recursos educativos necesarios para poder continuar co proceso de aprendizaxe da súa materia. Por ilustrar algún exemplo, os materiais que se poden atopar nun curso son:

- Apuntes sobre o tema que se está tratando.

- Enlaces a sitios web de interese.
- Foros de axuda e resolución de dúbidas.
- Tarefas para reforzo de contidos.
- Cuestionarios autoavaliáveis.
- Tarefas de avaliación dos contidos.
- Etc.

O profesor irá establecendo a secuenciación e a información que considere, de forma que un curso non é algo fixo nin ríxido, non é un libro, senón que vai medrando e incorporando elementos como nunha aula presencial.

A Aula Virtual Frei Martín Sarmiento xa existía, pero ante as novas necesidades e situación, fíxose unha reestruturación do espazo, de maneira que lle resulte mais fácil de utilizar ó noso alumnado. É mais intuitiva, ten un aspecto mellorado e pensamos que é mais funcional que a versión anterior.

Plataforma GSuite. @freimartinsarmiento.com

Esta plataforma educativa proporciona aplicacións e recursos moi potentes e está pensada para o traballo en remoto. Está facilitada de forma gratuíta por a compañía Google, pero xestionada integramante no noso Centro. Pensamos que é o complemento perfecto e necesario para a Aula Virtual. Vai a aportar unha serie de servizos que a Aula Virtual non ten por si mesma. Os mais importantes son:

✓ **Conta de Correo.** Cada alumno/a vai ter unha conta de correo propia do Centro, e que lle vai servir para comunicarse con outros compañeiros e compañeiras e tamén co profesorado. Tamén se vai utilizar para o rexistro nos recursos web que o profesorado recomende. Será a conta de alertas e notificacións da Aula Virtual e tamén do propio profesorado.

✓ **Drive, espacio de almacenamento na nube.** Todo alumnado vai dispoñer con esta conta dun espazo ilimitado para almacenar todos os seus traballos, apuntes, etc. Poder compartir documentación co profesorado ou un sistema ideal para o traballo en grupo de forma remota.


✓ **Xestión de Grupos.** Con esta conta, podemos xestionar grupos de alumnos de forma fácil e eles poden beneficiarse de esas facilidades para contactar e traballar de forma colaborativa, ven entre eles ou ben co propio profesorado.

- ✓ **Classroom.** Acceso a unha das aplicacións educativas mais populares. Esta conta interconecta todas as aplicacións entre si. Tamén se pode converter nunha aula virtual.
- ✓ **Mais aplicacións.** Coa conta, o alumnado accede directamente a mais aplicacións e servizos académicos que poderá utilizar sen límite: editores de texto, follas de cálculo, presentacións, editor de imaxe, google maps, etc.
- ✓ **Meet.** Aplicación para facer Vídeo Clases entre o alumnado e o profesor/a, se isto fora necesario. Tamén se pode utilizar a aplicación Cisco Webex que facilita a Consellería.

Esta conta váiselle facilitar a todo o alumnado a principio de curso e xa está operativa. O profesorado tamén dispón de esta conta, de forma que a comunicación entre toda a comunidade do noso Centro está garantizada.

Estructura do plan.

Para poder entender un pouco mellor o que trata de conseguir este plan de traballo en remoto, podemos ver a seguinte imaxe, que de forma gráfica visualiza o proxecto. É unha visión moi básica, pero creemos que ilustra a esencia do plan.



Aclaración finais para as familias.

Durante o confinamento do curso pasado, este equipo foi recollendo dúbidas, preocupacións e tamén, por qué non dicilo, críticas que foron manifestando as familias. Tomouse nota e tívose en conta todos eses aportes neste plan. Así, este programa está pensado para que o dano académico ou educativo que poida causar situacións como as que aconteceron no curso pasado, sexan o menor posible no noso alumnado. Ademais de iso, tamén está pensado para que as familias teñan toda a tranquilidade de que este plan coidará de todos os aspectos delicados relacionados con este tipo de programas. Agora indicaremos unha serie de preguntas frecuentes relacionadas co plan para que as familias poidan ter claro varios aspectos importantes que son propios de esta metodoloxía.

¿Necesito pagar algunha destas plataformas?

NON. Todos estes recursos facilitarase a todo o alumnado de forma gratuíta, dado que non teñen custo ningún.

¿Necesito algún equipo adicional especial para a miña casa?

NON. Para poder traballar con este método solo se necesita un PC e unha conexión a internet para acceder. Non se necesita nada especial. En algúns casos tamén se pode utilizar unha tablet, aínda que o recomendable sexa un ordenador (de calquer sistema operativo).

¿Por que non utilizar contas de correos privadas que o alumnado xa ten?

A razón de utilizar as contas de GSuite do Centro é que así podemos xestionar todo dende o Centro, sen necesidade de depender de terceiros. Cambios de contrasinal, persoalización da conta, xestión de grupos e rexistros, protección dos contidos e uso, etc. Entendemos que as contas privadas, tipo Gmail, deben ser para uso privado e por iso utilizaremos contas corporativas de @freimartinsarmiento.com

¿Tense en conta a protección de datos nestes recursos dixitais?

SI. Este é un dos puntos que sempre tivemos en conta e de forma prioritaria para decidirmos polos recursos que iamos utilizar neste proxecto. A Aula Virtual ten os datos protexidos de forma xenérica, dado que é a propia Consellería de Educación a que facilita o recurso, e nos solo o xestionamos. En canto á plataforma GSuite, dado que xenera contas que pertencen o Centro, o que fai o alumnado e utilízalas, pero sen necesidade de facilitar ningún dato persoal. Por poñer un exemplo, é como se o Centro lle facilita un ordenador a un alumno/a, non se gardarían datos persoais nese equipo, e ademais, ó rematar o curso, e dado que o ordenador é do Centro, vaise borrar todo.

Pero, ¿qué pasa con datos como as notas, direccións da familia, teléfonos, e outros datos persoales?

NON hai problema. Ningún de eses datos estará en ningún dos recursos. Eses datos nunca están na Aula virtual nin na plataforma GSuite. Igual que antes, todos eses datos están xestionados pola Consellería de Educación e están protexidos mediante un software propio da Consellería, non de este Centro.

¿Poden utilizarse estes recursos para a realización de exercicios avaliados?

Esta decisión, de si se poden avaliar ou non os traballo en remoto (ou facer algún tipo de exame) correspóndelle as autoridades educativas. Non podemos contestar esta pregunta, dado que non depende de nos. O que si podemos dicir, é que o sistema está preparado para poder facelo se así o ditase a Consellería.

¿Poden utilizarse estes recursos nas clases presenciais?

SI. Ademais é moi recomendable que sexa así, dado que o alumnado se acostuma ó seu uso e, en caso necesario, o cambio é moito mais fácil. Moito profesorado, de feito, vai facelo así.

Conclusións finais.

Esperamos que este documento aclare en que consiste o plan de traballo en remoto. Sería ideal non ter que usalo, pero somos conscientes que, por desgraza, dunha forma ou outra teremos que utilizalo neste curso. O plan esta pensado para estar operativo dende o primeiro día de clase ante calquera continxencia. Foi un traballo ó que se lle dedicou moito tempo por parte deste equipo e pensando sempre na mellora das condicións do noso alumnado.

Se, como familias desta comunidade educativa, aínda lle quedan dúbidas ou queren comentar algo deste proxecto, non dubiden en poñerse en contacto con nos e tentaremos aclarar o mellor posible calquera cuestión que lles preocupe.